

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega celebrou a súa Asemblea Xeral

21 Noticias

11/02/2017

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) celebrou na mañá de hoxe sábado a súa Asemblea Xeral de socios/as, que acordou outorgar ás Pandereteiras da Alén [1] (Xirarga, Beariz, Ourense)

Orosia Gil Ramos, Alsira Gil Ramos e Ólida Diz Ramos; e mais a Serafín Mourelle [2] os Premios Mestres/as da Memoria [3] 2017, galardóns que se entregarán na II Gala dos Premios Mestres e Mestras da Memoria [4] a celebrar en Lugo a finais da primavera;

As Pandereteiras da Alén son herdeiras do Xiles, Os Xilotes, criados ao calor da fragua, e levan toda unha longa vida animando os seráns e festas da súa comarca; Serafín Mourelle, mariñeiro e poeta, aos catorce anos embarcou de axudante de cociña, e chegou a converterse nun famoso patrón do Gran Sol. Nos anos sesenta, el foi un dos descubridores dos vizosos caladoiros de Porcupine, o volcán submarino situado ao oeste de Irlanda. Nunca esqueceu as súas orixes humildes e por iso dende hai moitos anos milita -rara avis entre os patróns- no PCE. Tamén é autor da novela _Cartas ao meu avó_, na que narra a súa aventura na mariña mercante, no banco Canario-Sahariano e nas augas do Gran Sol.

A Asemblea aprobou tamén nomear Escritora Galega Universal 2017 [5] a autora portuguesa Héliá Correia [6], distinción que se recollerá na II Gala do Libro Galego [7] que terá lugar o 20 de maio na cidade de Santiago de Compostela. Así mesmo, acordouse que Pilar García Negro [8] sexa a próxima “Escritora na súa Terra – Letra E” [9] e, por tanto, quen reciba unha homenaxe que este ano chega á súa vixésimo terceira edición; será no mes de xuño no Concello de Lugo.

Alén de escoller o novo Consello Directivo da AELG, aprobouse o programa de actividades para o ano, que inclúe como a máis próxima a celebración do vindeiro Día de Rosalía de Castro [10].

O programa aposta por continuar con actividades de traxectoria xa asentada e de alcance social como son os paseos literarios ou os obradoiros da Escola de Escritoras e Escritores; tamén a organización ou coorganización de xornadas de formación dirixidas ao estudo das diferentes formas de crear literatura contemporánea desde os espazos de formación de novos formadores-as/educadores-as/mediadores-as da lectura.

Tamén se reforza o proxecto coordinado pola Sección de Literatura Oral coa celebración dunha nova Gala dos Premios Mestres e Mestras da Memoria e a través da celebración de máis polafias [11] e, no outono, dunha nova edición, a décima, da Xornada de Literatura de Tradición Oral, que este ano levará como título “Palabras con memoria”. Tamén para o outono terá lugar na Coruña unha nova edición, a segunda, das Xornadas de Literatura Dramática [12]; e mais, en Pontevedra, un congreso de poesía que fará unha revisión do xénero durante os últimos 40 anos.

Asemade, a visibilidade da escritora e do escritor a través da web continuará a ser un eixo central da actuación da entidade co enriquecemento do espazo común e mais de cada páxina individual con que cada Socia/o conta no Centro de Documentación [13] da web da AELG.